

Regulamento de Régime Interno da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo



Centro certificado
FIDES-AUDIT



O presente Regulamento de Réxime Interno foi aprobado pola Xunta de Facultade de Bioloxía, reunida en sesión ordinaria o día 20 de xullo de 2023. Posteriormente, foi ratificado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 25 de setembro de 2023.

| | |
|--|----|
| TÍTULO PRELIMINAR..... | 5 |
| TÍTULO I OBXECTIVO, COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA FACULTADE DE BIOLOXÍA | 6 |
| TÍTULO II ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA..... | 8 |
| CAPÍTULO I ÓRGANOS COLEXIADOS: XUNTA DE FACULTADE..... | 8 |
| CAPÍTULO II ÓRGANOS UNIPERSOAIS..... | 14 |
| SECCIÓN I O DECANO OU DECANA | 14 |
| SECCIÓN II OS VICEDECANOS E VICEDECANAS | 15 |
| SECCIÓN III O SECRETARIO OU SECRETARIA..... | 15 |
| SECCIÓN IV ELECCIÓN DO DECANO OU DECANA..... | 16 |
| SECCIÓN V REVOGACIÓN DO DECANO OU DECANA..... | 19 |
| TÍTULO III COMISIÓNS DELEGADAS DA FACULTADE DE BIOLOXÍA..... | 19 |
| CAPÍTULO I SOBRE A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS DELEGADAS..... | 19 |
| SECCIÓN I COMISIÓN PERMANENTE..... | 21 |
| SECCIÓN II COMISIÓN DE VALIDACIÓNS E RECOÑECEMENTOS..... | 22 |
| SECCIÓN III COMISIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E CULTURAS..... | 23 |
| SECCIÓN IV COMISIÓN DE TRABALLO FIN DE GRAO | 24 |
| TÍTULO IV COMISIÓNS ACADÉMICAS E MECANISMOS DE COORDINACIÓN DA FACULTADE DE BIOLOXÍA..... | 25 |
| CAPÍTULO I SOBRE A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS ACADÉMICAS | 25 |
| SECCIÓN I COMISIÓNS ACADÉMICAS DAS TITULACIÓNS | 25 |
| SECCIÓN II COMISIÓN DE CALIDADE..... | 26 |
| SECCIÓN III COMISIÓN DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN..... | 28 |
| CAPÍTULO II SOBRE A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DOS MECANISMOS DE COORDINACIÓN..... | 29 |
| SECCIÓN I COORDINACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS..... | 29 |
| SECCIÓN II COORDINACIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS E MOBILIDADE..... | 30 |
| SECCIÓN III COORDINACIÓN DE IGUALDADE E DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 31 |
| TÍTULO V REPRESENTACIÓN ESTUDIANTIL DA FACULTADE DE BIOLOXÍA.. | 33 |
| TÍTULO VI REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA..... | 34 |



TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1 Finalidade do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Bioloxía de Vigo

O presente Regulamento rexe o funcionamento interno da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, de conformidade co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro de 2019) e na restante normativa aplicable.

ARTIGO 2 Identidade institucional e sede da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo

1. A denominación oficial do centro é Facultade de Bioloxía e non está admitida a súa tradución a outros idiomas, de conformidade coa normativa vixente. A Facultade de Bioloxía ten a súa sede no edificio de Ciencias Experimentais do campus universitario Lagoas-Marcosende de Vigo.
2. A imaxe corporativa da Facultade, que deberá figurar cando se empregue o seu nome, respectará o previsto no manual de identidade corporativa da Universidade de Vigo.

TÍTULO I OBXECTIVO, COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

ARTIGO 3 Do obxectivo da Facultade de Bioloxía

A Facultade de Bioloxía é a encargada da xestión administrativa e organización das ensinanzas e procesos académicos conducentes á obtención do título académico de Graduado(a) en Bioloxía, así como das titulacións de mestrado adscritas á Facultade e daquelas que poidan selo no futuro, de acordo coa definición que establecen os Estatutos da Universidade de Vigo no seu artigo 35 e os ensinos oficiais sinalados no artigo 99. Son tamén obxectivos estratéxicos da Facultade de Bioloxía de Vigo a difusión da ciencia e a cultura.

ARTIGO 4 Das funcións da Facultade de Bioloxía

De acordo co artigo 35 dos Estatutos da Universidade de Vigo, referido á definición de facultades e escolas, a Facultade de Bioloxía é a encargada de organizar as ensinanzas e os procesos académicos, administrativos e de xestión para acadar as titulacións de grao e dos mestrados oficiais adscritos, válidos en todo o territorio nacional.

En calidade de centro da Universidade de Vigo e de acordo co artigo 37 dos seus Estatutos, son funcións da Facultade de Bioloxía:

- a) Organizar e xestionar a docencia dos títulos oficiais adscritos ao centro, coordinala, supervisala e controlala.
- b) Propor a Planificación Docente Anual (PDA) dos títulos oficiais, de conformidade coas súas memorias oficiais e de acordo coa normativa da Universidade.
- c) Organizar e coordinar as ensinanzas que dean dereito a títulos propios adscritos ao centro.
- d) Propor ao órgano competente a implantación de novas titulacións.
- e) Participar nos procedementos de selección do Persoal Docente e Investigador (PDI) nos termos que regulamentariamente determine o Consello de Goberno.
- f) Realizar as actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte ao centro.
- g) Organizar as relacións entre os departamentos implicados na docencia dos títulos adscritos á Facultade e con outros centros e órganos da Universidade de Vigo, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.

- h) Administrar a súa asignación orzamentaria e os servizos e equipamentos asignados ao centro.
- i) Realizar a xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións se poidan efectuar.
- j) Fomentar, apoiar e achegar os medios materiais existentes no centro para realizar actividades de formación e complementarias do seu persoal vinculado.
- k) Custodiar as actas de cualificación e os expedientes do alumnado.
- l) Expedir as certificacións académicas solicitadas ao centro.
- m) Xestionar o seu Sistema de Garantía da Calidade.
- n) Colaborar coa unidade correspondente da Universidade de Vigo para acadar unha contorna igualitaria e libre de calquera tipo de acoso ou de violencia.
- o) Fomentar a competencia lingüística nas linguas oficiais da Universidade de Vigo, en especial o galego, conforme ao recollido nos artigos 1.3 e 2.4 dos Estatutos da Universidade de Vigo, así como aos dereitos do alumnado establecidos nos seus artigos 64.m e 64.ñ.
- p) Calquera outra que lle poidan atribuír os Estatutos da Universidade de Vigo e as demais disposicións vixentes.

ARTIGO 5 Dos sectores que compoñen a Facultade de Bioloxía

Son membros da Facultade:

- a) Todo o PDI que realice a súa actividade na Facultade.
- b) O estudantado matriculado en calquera dos ensinos adscritos á Facultade.
- c) O Persoal de Administración e Servizos (PAS) asignado á Facultade.

ARTIGO 6 Do marco legislativo reitor da Facultade de Bioloxía

1. A Facultade de Bioloxía rexerese polo presente Regulamento de Réxime Interno para o cumprimento das funcións que ten atribuídas pola Lei Orgánica de Universidades (4/2007 do 12 de abril) e os Estatutos da Universidade de Vigo. Este Regulamento debe ser interpretado no marco do citado ordenamento xurídico e demais lexislación sobre ensino universitario que estea vixente.
2. Para todas aquelas cuestións non previstas neste Regulamento nin nos Estatutos da Universidade de Vigo nin na lexislación sobre ensino universitario, rexerese segundo o previsto nas leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, correspondentes ao Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ao

Réxime Xurídico do Sector Público, respectivamente (BOE 236, de 2 de outubro de 2015).

TÍTULO II ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

ARTIGO 7 Dos órganos de goberno da Facultade de Bioloxía

Os Órganos de goberno e xestión da Facultade de Bioloxía son:

- a) Órganos colexiados: Xunta de Facultade.
- b) Órganos unipersoais: Decano(a), Vicedecanos(as) e Secretario(a).
- c) Comisións delegadas da Xunta de Facultade.
- d) Comisións académicas e responsables de mecanismos de coordinación.

CAPÍTULO I ÓRGANOS COLEXIADOS: XUNTA DE FACULTADE

ARTIGO 8 Do obxectivo e composición da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación e de decisión da Facultade. Está composta polo Decano ou Decana, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros adscritos (natos e electos), de acordo co artigo 38.1 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da normativa para elección de representantes:
 - a) Todo o PDI con vinculación permanente á Universidade (PDI-A) e docencia maioritaria no centro, que constituirá o 51 % da Xunta de Facultade.
 - b) Unha representación do PDI sen vinculación permanente á Universidade (PDI-B), que corresponderá ao 10 % da Xunta de Facultade. Deles, polo menos o 80 % deberá corresponder ao PDI-B con dedicación a tempo completo.
 - c) Unha representación do alumnado, que constituirá o 29 % da Xunta de Facultade.
 - d) Unha representación do PAS, que constituirá o 10 % da Xunta de Facultade.
2. Os membros electos da Xunta de Facultade serán renovados cada dous anos en conformidade co disposto no artigo 57.4 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo (DOG nº 205 do 28 de outubro de 2019), e elixiranse conforme ao ordenamento establecido nesta normativa. De acordo co artigo 7.1 dos vixentes Estatutos da Universidade de Vigo, procurarase unha composición

equilibrada entre mulleres e homes para dar cumprimento ao disposto no seu artigo 54 relativo á igualdade de oportunidades.

3. De acordo co artigo 24.2 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, perderase a condición de membro dun órgano colexiado por finalización legal do mandato, petición propia, perda das condicións para ser elixido, disolución da Xunta de Facultade, deixar de pertencer ao sector ou subsector polo que se foi elixido e demais causas efectivas alí consignadas. Así mesmo, e de acordo co artigo 7.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, procederase ao cesamento da condición de membro da Xunta de Facultade por acumulación dun 50 % de faltas non xustificadas. No caso de perda da condición de membro da Xunta de Facultade dun representante electo, será nomeado até o final do período o seguinte candidato máis votado do mesmo sector ou subsector.

ARTIGO 9 Das funcións da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. De acordo cos artigos 38.2, 39.1 e 40 dos Estatutos da Universidade de Vigo, son funcións da Xunta de Facultade:
 - a) Elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu Regulamento de Réxime Interno e doutros regulamentos de carácter organizativo considerados necesarios.
 - b) Elixir e revogar ao Decano ou Decana.
 - c) Aprobar a proposta de distribución do orzamento anual do centro e a súa execución.
 - d) Implantar e monitorizar os plans de estudos.
 - e) Elaborar as propostas de memorias para a implantación das titulacións adscritas e para as súas modificacións.
 - f) Coidar do bo funcionamento de todos os órganos e servizos do centro.
 - g) Aprobar a PDA das titulacións adscritas ao centro.
 - h) Organizar e supervisar a xestión da docencia das titulacións adscritas, así como dos cursos monográficos e de especialización que se poidan levar a cabo.
 - i) Habilitar medidas de control para cumprir as obrigas docentes.
 - j) Distribuír os espazos que lle sexan asignados.
 - k) A resolución dos conflitos que se poidan producir no seo do centro e sobre os que teña competencias.
 - l) A aprobación e execución do Sistema de Garantía de Calidade.

- m) O nomeamento dos coordinadores(as), secretarios(as) e vogais das comisións académicas das titulacións adscritas ao centro.
- n) Aquelas outras que lle poidan atribuír os Estatutos da Universidade de Vigo e outra normativa vixente.

ARTIGO 10 Das formas de actuación da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. A Xunta de Facultade actuará en pleno ou en Comisión Permanente á que se refire o presente Regulamento (Título III, Sección I, artigos 34-36).
2. O pleno da Xunta de Facultade estará formado por todos os seus membros e reunirse cando sexa convocado polo Secretario(a) por orde do Decano(a).

ARTIGO 11 Da convocatoria da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. A convocatoria da Xunta de Facultade será de carácter ordinario ou extraordinario. En forma ordinaria reunirse como mínimo dúas veces ao ano e con carácter extraordinario as veces que sexa mester a solicitude:
 - a) do Decano ou Decana.
 - b) polo menos, un cuarto dos membros da Xunta de Facultade.
 - c) a maioría dos membros da Comisión Permanente.
2. Nos casos 1.b e 1.c, a instancia para a convocatoria dunha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade dirixirse por escrito ao Decano(a) e incluíra as firmas correspondentes e a proposta dunha orde do día determinada. O Decano(a) deberá convocala nun prazo non superior a 10 días hábiles contados dende a data de entrada da solicitude no rexistro do centro.
3. A convocatoria ordinaria farase, como mínimo, cunha antelación de 2 días hábiles, mentres que a convocatoria extraordinaria deberá notificarse, como mínimo, con 24 horas de antelación.
4. De acordo co artigo 7.4 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a convocatoria, actas e acordos dos órganos colexiados serán accesibles publicamente por vía electrónica.

ARTIGO 12 Do contido da convocatoria da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. Toda convocatoria debe conter o día, lugar, hora e orde do día da sesión e debe axustarse ao disposto na Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

2. A orde do día da convocatoria ordinaria da Xunta de Facultade debe incluír, como mínimo, os seguintes puntos: *i)* Lectura e aprobación da(s) acta(s) da(s) sesión(s) anterior(es), *ii)* Informe do Decano(a), *iii)* Asuntos de trámite e *iv)* Rogos e preguntas.
3. O Decano ou Decana, coa colaboración do seu equipo, elaborará a orde do día e, de ser o caso, incluír os asuntos que sexan solicitados por escrito, ate 24 horas antes da convocatoria, sempre que estean asinados por un 10 % ou máis dos membros da Xunta de Facultade ou pola maioría simple dos membros da Comisión Permanente.
4. Cando a convocatoria sexa extraordinaria a petición dos membros da Xunta de Facultade ou da Comisión Permanente (artigo 11.1, apartados b e c) deberán figurar na orde do día os puntos fixados na petición.
5. A documentación relativa aos puntos da orde do día deberá estar depositada desde o momento da convocatoria nun repositorio virtual de libre acceso aos membros da Xunta de Facultade ou, no seu caso, deberá serlles participada por vía electrónica.

ARTIGO 13 Do *quorum* de constitución da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. A Xunta de Facultade constitúese validamente en primeira convocatoria, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, ou en segunda convocatoria, que se celebrará trinta minutos despois e que, para a súa válida constitución, excluídos do cómputo aqueles que escusen xustificadamente a súa inasistencia, requirirá a presenza mínima prevista no artigo 17.2 da Lei 40/2015, integrada polo Decano(a) e Secretario(a) ou, no seu caso, quen os suplan, e a metade alomenos dos membros do órgano.
2. Se transcorridos 15 minutos do inicio da sesión en segunda convocatoria, non se acadase o *quorum* requirido, procederase no mesmo día a convocar unha nova Xunta de Facultade, que deberá celebrarse nos seguintes 10 días hábiles.

ARTIGO 14 Do desenvolvemento das sesións da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. As sesións da Xunta de Facultade poderán desenvolverse nunha ou máis reunións. Enténdese por sesión o período de tempo necesario para esgotar a orde do día. Denomínase reunión o período de mañá ou tarde no que teña lugar parte da sesión.
2. O pleno da Xunta de Facultade será presidido polo Decano(a) ou, na súa ausencia, polo Vicedecano(a) en quen delegue e que, asistido polo resto do equipo decanal, será o responsable de ordenar e dirixir os debates.

3. Calquera persoa non pertencente á Xunta de Facultade interesada nos asuntos específicos a tratar ou que poida resultar afectada polos acordos que se tomen, poderá asistir á sesión, con voz pero sen voto, a proposta do Decano(a) e co visto e prace da Xunta de Facultade, e ocupará os asentos destinados ao efecto.

ARTIGO 15 Da toma de decisións pola Xunta de Facultade de Bioloxía

1. As decisións da Xunta de Facultade serán en forma de acordos, que poderán ser tomados por asentimento, a proposta do Decano(a), ou en votación pola maioría simple dos asistentes. A votación será pública a man alzada ou secreta se o solicita calquera membro da Xunta.
2. No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acade a maioría simple, procederase a realizar unha segunda votación entre as dúas máis votadas e, neste caso, aceptárase a proposta que obteña máis votos.
3. O voto faise efectivo no momento da votación. Non se admite delegación de voto nin voto anticipado.
4. Só poderán ser obxecto de deliberación e acordo aqueles puntos que figuren na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia dun asunto no previsto polo voto favorable da maioría.
5. Unha vez iniciado o proceso de votación, e ate que se emita o resultado definitivo do escrutinio, non se poderá entrar nin saír da sala.

ARTIGO 16 Do fedatario das sesións da Xunta de Facultade de Bioloxía

O Secretario ou Secretaria da Xunta de Facultade, que o será da Facultade, levantará acta de todas as sesións, dará fe da actuación dos órganos de goberno do centro e, como fedatario público, terá o deber de custodia dos libros de actas (físicos e electrónicos). No caso de que non puidera asistir, o Decano(a) designará quen faga as súas veces.

ARTIGO 17 Das actas das sesións e certificacións dos acordos da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. As actas transcribíranse no rexistro electrónico, que estará baixo a custodia do Secretario(a) e poderá ser consultado por calquera membro da Facultade. A secretaría expedirá certificación literal do contido a todos os membros da Facultade que o soliciten por escrito.
2. En cumprimento do artigo 27 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas, en cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:

- a) Membros da Xunta de Facultade asistentes á sesión, salientando as ausencias xustificadas.
 - b) Orde do día.
 - c) As circunstancias de lugar e tempo nas que foi celebrada a sesión e o seu carácter, ordinario ou extraordinario.
 - d) Os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.
3. Na acta figurará, sempre que o soliciten os respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, xunto cos motivos que o xustificuen, así como o sentido do seu voto. Así mesmo, calquera dos integrantes poderá solicitar a transcripción íntegra da súa intervención sempre que aporte por escrito, no prazo que sinale a mesa, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, que se fará constar na acta ou se unirá á mesma.
 4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de 2 días, o cal será incorporado ao texto aprobado se así o indican no momento da votación.
 5. A acta será asinada polo Secretario(a), ou por quen exercera as súas veces, co visto e prace do Decano(a) ou da persoa que exerza a presidencia efectiva da sesión que se reflecta.
 6. As actas aprobaranse na seguinte sesión da Xunta de Facultade. Non obstante, o Secretario(a) poderá certificar os acordos específicos que fosen adoptados, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
 7. Nas certificacións dos acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.
 8. Só darán fe dos acordos e resolucións da Xunta de Facultade as certificacións expedidas polo Secretario(a) da Facultade a instancia do Decano(a).
 9. As certificacións poderanse expedir:
 - a) De oficio, por requirimento dos órganos das administracións públicas, incluída a propia Universidade de Vigo, ou por órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
 - b) A instancia de quen acredite un interese lexítimo.

CAPÍTULO II ÓRGANOS UNIPERSOAIS

ARTIGO 18 Dos órganos unipersoais da Facultade de Bioloxía

Son órganos unipersoais de goberno da Facultade de Bioloxía:

- a) O Decano ou Decana.
- b) Os Vicedecanos ou Vicedecanas.
- c) O Secretario ou Secretaria.

SECCIÓN I O DECANO OU DECANA

ARTIGO 19 Papel institucional, acceso e cesamento do Decano(a) da Facultade de Bioloxía

1. De acordo co artigo 41.1 e 41.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Decano(a) ostenta a representación do centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste.
2. O Decano(a) é elixido pola Xunta de Facultade entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade adscrito ao centro. En aplicación do artigo 41.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o período de exercicio será de tres anos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.
2. O Decano(a) cesará nas súas funcións nos seguintes supostos:
 - a) Ao remate do seu mandato.
 - b) A pedimento propio.
 - c) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
 - d) Como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade segundo o procedemento previsto neste Regulamento.
 - e) Por sanción que inhabilite para o exercicio do cargo.
 - f) Por ser designado como titular doutro órgano unipersoal.

ARTIGO 20 Das responsabilidades do Decano(a) da Facultade de Bioloxía

De acordo co artigo 41.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Decano(a) da Facultade, asistido polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión do centro e ten as seguintes funcións:

- a) A representación da Facultade.
- b) A convocatoria e presidencia da Xunta de Facultade e dos outros órganos colexiados da Facultade que se determinan no presente Regulamento.
- c) A execución dos acordos da Xunta de Facultade.
- d) A supervisión do funcionamento dos servizos da Facultade.
- e) A dirección da xestión ordinaria da Facultade.
- f) A proposición, despois de oír á Xunta de Facultade, de apertura de informe previo por parte do Reitor(a) a calquera membro do centro.
- g) Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Todas as que se correspondan con funcións do centro que non estean asignadas a outros órganos e que lle atribúan os Estatutos da Universidade de Vigo e a lexislación vixente.

SECCIÓN II OS VICEDECANOS E VICEDECANAS

ARTIGO 21 Da designación e cese dos Vicedecanos(as) da Facultade de Bioloxía

De acordo co Artigo 42 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Decano(a) designará, de entre todos os membros da Facultade, os vicedecanos e vicedecanas, que serán nomeados polo Reitor(a). Estes membros do equipo de dirección actuarán coas competencias e funcións que lles delegue o Decano(a), así como todas as que lles atribúa o presente Regulamento.

1. Os Vicedecanos(as) cesarán no seu cargo a petición propia ou por decisión do Reitor(a) a proposta do Decano(a).

SECCIÓN III O SECRETARIO OU SECRETARIA

ARTIGO 22 Das funcións, designación e cese do Secretario(a) da Facultade de Bioloxía

1. De acordo co Artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Secretario(a) da Facultade será designado polo Decano(a) entre o persoal da Universidade, e será nomeado polo Reitor(a).
2. Correspóndelle ao Secretario(a) dar fe dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Facultade, así como a custodia dos libros de actas e rexistros electrónicos.



3. Así mesmo, poderá asumir a recepción, compilación, depósito, custodia e certificación das actas de cualificación de materias.
4. O Secretario(a) cesará no seu cargo a petición propia ou por decisión do Reitor(a) a proposta do Decano(a).

SECCIÓN IV ELECCIÓN DO DECANO OU DECANA

ARTIGO 23 Do marco normativo para a elección do Decano(a) da Facultade de Bioloxía

A elección do Decano(a) farase de conformidade co disposto no artigo 41.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 73 e 74 do Regulamento Electoral Xeral desta última.

ARTIGO 24 Da interinidade durante a elección do Decano(a) da Facultade de Bioloxía

Concluído o mandato electoral do Decano(a), producido o seu cesamento a pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido(a) ou por aprobación dunha moción de censura, abrírase o proceso electoral correspondente, para o cal o Reitor(a), de acordo co artigo 66 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo:

- a) Confirmará ao Decano(a), en funcións, ate que se produza o nomeamento de quen resulte elixido.
- b) Autorizará ao Decano(a) en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de quince días á data de celebración da votación, convocatoria que será publicada no taboleiro electrónico oficial ou, na súa falta, no taboleiro electoral da Facultade.
- c) O número de membros do equipo directivo establecerase en función do número de estudantes, segundo o especificado no artigo 75 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.

ARTIGO 25 Da constitución da Xunta Electoral da Facultade de Bioloxía

1. Na Facultade haberá unha Xunta Electoral que dirixirá e resolverá tódalas cuestións que se deriven do proceso electoral, e fará a proclamación dos candidatos tal como prevé o Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo no seu artigo 70. A sede da Xunta Electoral será a secretaría da Facultade.

2. Segundo o disposto no artigo 10 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, a Xunta Electoral da Facultade estará integrada por:
 - a) O Decano(a), que a preside.
 - b) O Secretario(a), que exerce como tal.
 - c) Un membro do PDI, outro do PAS e un(unha) estudante, así como os seus respectivos suplentes, todos eles elixidos por sorteo público.
3. No caso de que o Decano(a) en funcións sexa candidato(a) cesará na súa condición de presidente da Xunta Electoral e será substituído, de acordo co disposto no artigo 68.2 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, polo vicedecano ou vicedecana de maior idade. Así mesmo, se se dese a circunstancia de que o secretario(a) presentase a súa candidatura, actuará no seu lugar o membro de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da Universidade de Vigo ou no regulamento correspondente para desempeñar o cargo, tal como se establece no artigo 68.3 do Regulamento Electoral Xeral.

ARTIGO 26 Da convocatoria a eleccións de Decana(o) da Facultade de Bioloxía

De acordo co artigo 25.1 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, a convocatoria de eleccións será feita pública no taboleiro electrónico oficial ou, na súa falta, no taboleiro electoral da Facultade, previa autorización polo Decano(a) en funcións, e conterà, polo menos, coa seguinte información:

- a) Data de constitución da Xunta Electoral.
- b) Data de exposición de censos provisionais.
- c) Prazo de reclamacións aos censos provisionais.
- d) Data de exposición dos censos definitivos.
- e) Prazo de presentación de candidaturas.
- f) Data de proclamación provisional de candidatos e candidatas.
- g) Prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional dos candidatos e candidatas.
- h) Data de proclamación definitiva dos candidatos e candidatas.
- i) Período da campaña electoral e da xornada de reflexión.
- j) Data, lugar e hora onde terá lugar a votación. Nas eleccións que poidan requirir una segunda volta, tamén a data desta elección, que poderá ter lugar na mesma sesión que a primeira e nunca máis tarde de tres días despois dela. En ambos casos, as datas deberán corresponder a días lectivos.

- k) Data de proclamación provisional das persoas electas.
- l) Prazo de presentación de reclamacións contra a proclamación provisional das persoas electas, así como o seu prazo de resolución.
- m) Data de proclamación definitiva das persoas electas.

ARTIGO 27 Da presentación de candidaturas ao decanato da Facultade de Bioloxía

1. As persoas elixibles como Decano ou Decana obterán a condición de candidatos dirixindo a súa solicitude á presidencia da Xunta Electoral, a través do rexistro do centro e no prazo que figure na convocatoria, nunca inferior a tres días hábiles. As candidaturas, ademais dos datos persoais dos solicitantes, deberán incluír as persoas que ocuparán os vicedecanatos e a secretaría.
2. No día seguinte á finalización do prazo ao que se refire o apartado anterior, a Xunta Electoral publicará a lista provisional de candidatos, contra a que se poderán presentar reclamacións nun prazo de dous días hábiles. As reclamacións que houberse serán resoltas no seguinte día hábil á finalización do período de presentación e, de seguido, procederase á publicación da relación definitiva de candidatos.

ARTIGO 28 Da sesión de elección do Decano ou Decana da Facultade de Bioloxía

1. A Xunta de Facultade reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, sendo presidida polo Decano(a) en funcións, quen outorgará un espazo de 15 minutos a cada un dos candidatos para que expoñan o seu programa e, de seguido, outros 15 minutos para que respondan ás preguntas que se lles formulen. No caso de que o Decano(a) sexa candidato, a Xunta de Facultade será presidida polo vicedecano(a) de maior idade, en cumprimento do previsto no artigo 68 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo. Rematadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.
2. Unha vez finalizado o escrutinio, resultará elixido o candidato ou candidata que obteña a maioría absoluta dos votos dos asistentes. No caso de non ser acadada a devandita maioría, celebrarase unha segunda votación na que resultará elixida a persoa que obteña maior número de votos. Se houberse un único candidato(a), na segunda volta precisaría acadar maior número de votos a favor que en contra.
3. Finalizada a votación, o Secretario(a) da Facultade en funcións levantará acta, na cal se recollerán todas as incidencias e o resultado do escrutinio. A presidencia da sesión elevará ese resultado ao Reitor(a) para que se dite a resolución de nomeamento correspondente.



SECCIÓN V REVOGACIÓN DO DECANO OU DECANA

ARTIGO 29 Da revogación do Decano ou Decana da Facultade de Bioloxía

1. O Decano(a) poderá ser apartado do seu cargo mediante unha moción de censura.
2. Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ser presentada por escrito na Secretaría da Facultade. Terá que estar avalada pola terceira parte dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome dun candidato ou candidata alternativo xunto co seu equipo.
3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o Decano(a) ou quen faga as súas veces, deberá comunicalo a todos os membros da Xunta de Facultade nun prazo máximo de 2 días hábiles. Así mesmo, terá que convocar unha reunión extraordinaria do pleno con este único punto na orde do día, nun prazo máximo de 15 días hábiles posteriores á recepción da moción no rexistro da Facultade.
4. Na sesión do pleno dedicada á moción de censura darase a palabra durante un máximo de 30 minutos tanto a persoa candidata proposta como a titular do órgano, que deberán responder ás preguntas e observacións que lles formulen os membros da Xunta de Facultade durante un máximo de hora e media. A continuación procederase á votación, que será nominal e secreta.
5. A moción de censura será aprobada se algunha das candidaturas obtén os votos da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. En tal caso, o Decano(a) revogado comunicarao ao Reitor(a) no seguinte día hábil e continuará no seu cargo en funcións ate o nomeamento da persoa elixida.
6. Se a moción de censura é rexeitada ao non obter a maioría absoluta, ningún dos seus asinantes poderá subscribir outra durante ese curso académico.

TÍTULO III COMISIÓNS DELEGADAS DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

CAPÍTULO I SOBRE A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS DELEGADAS

ARTIGO 30 Da creación de comisións delegadas da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. De acordo co artigo 7.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a Xunta de Facultade poderá crear comisións delegadas estables co obxecto de actuar de oficio

naquelas encomendas de estudo, asesoramento e/ou xestión do seu marco de competencias que ela determine.

ARTIGO 31 Da composición das comisións delegadas da Xunta de Facultade de Bioloxía

1. As comisións serán presididas polo Decano(a) ou persoa na que delegue, que dirixirá o seu funcionamento e moderará as súas reunións.
2. As comisións estarán integradas por membros dos distintos sectores representados na Xunta de Facultade. Estes membros deberán selo da Xunta de Facultade. Como excepción, a comisión delegada para a garantía de calidade, en adiante Comisión de Calidade, poderá estar integrada por membros da Xunta de Facultade e membros externos. En todo caso, procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, de acordo coa política de igualdade da Universidade de Vigo recollida no artigo 54 dos seus estatutos.
3. O Decano(a) presentará á Xunta de Facultade unha proposta dos membros das comisións (titulares e suplentes). No caso de non ser aceptada por asentimento, os membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade elixirán aos seus representantes.
4. A asistencia ás sesións das comisións é obrigatoria e perderase a condición de membro pola inasistencia sen causa xustificada a tres sesións sucesivas. Perderase, ademais, a condición de membro cando se produza a elección dun novo Decano ou Decana, por pedimento propio ou por perda das condicións de elixibilidade.
5. No caso de vacante nunha comisión, procederase á substitución polo suplente correspondente e á elección, no prazo máis breve posible, dun novo membro dentro do sector correspondente.
6. O Presidente(a) das comisións pode invitar a participar nelas, con voz e sen voto, a outras persoas que poidan ter interese nos asuntos específicos a tratar ou resulten afectadas polos acordos que se puidesen adoptar.

ARTIGO 32 Da convocatoria e funcionamento interno das comisións delegadas estables da Facultade de Bioloxía

1. As reunións das comisións terán que celebrarse en días hábiles nos locais da Facultade ou excepcionalmente de forma virtual a proposta da presidencia, e serán convocadas por escrito pola presidencia a través dos medios establecidos ao efecto, cunha antelación mínima de 2 días as de carácter ordinario e de 24 horas as de carácter extraordinario. No caso de urxencia apreciada pola presidencia, poderán convocarse de forma verbal.

2. As comisións estables constitúense validamente en primeira convocatoria coa maioría absoluta dos seus membros e, en segunda convocatoria, cando concorran un terzo dos membros que non xustifiquen a súa ausencia. Se transcorrido outro cuarto de hora non se acada o *quorum* establecido na segunda convocatoria, deberá procederse a convocala noutra data. As comisións deberán presentar os seus informes, propostas e recomendacións co respaldo da maioría simple, sendo preciso que no momento da votación exista o *quorum* sinalado.
3. O funcionamento interno das comisións estables será determinado polas mesmas, observando sempre o que dispoñan as normas de rango superior.
4. As comisións estables elixirán entre os seus membros un secretario(a), que terá por función levantar acta sucinta das reunións, na que se recollerán os acordos adoptados, as opinións contrarias, o resultado das votacións e a relación dos membros presentes no momento da votación.

ARTIGO 33 Das comisións delegadas estables da Facultade de Bioloxía

As comisións delegadas estables da Facultade de Bioloxía son:

- a) Comisión Permanente.
- b) Comisión de Calidade.
- c) Comisión de Validacións e Recoñecementos.
- d) Comisión de Actividades Extraacadémicas e Culturais.
- e) Comisión de Traballo Fin de Grao.

SECCIÓN I COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 34 Das competencias da Comisión Permanente da Facultade de Bioloxía o

1. Son competencias da Comisión Permanente:
 - a) Estudiar, asesorar e propoñer solucións en todos aqueles asuntos que o Decano(a) ou a Xunta de Facultade someta á súa consideración.
 - b) Decidir sobre asuntos de trámite ou aqueles outros que a Xunta de Facultade delegue nela, de acordo co artigo 7.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Cando algún membro da Comisión considere que un asunto non é de trámite, este deberá ser obrigatoriamente tratado na Xunta de Facultade.

ARTIGO 35 Da composición da Comisión Permanente da Facultade de Bioloxía

A Comisión Permanente estará composta por:

- a) O Decano(a) ou Vicedecano(a) en quen delegue.
- b) O Secretario(a).
- c) Tres persoas elixidas entre o PDI-A.
- d) Unha persoa elixida entre o PDI-B.
- e) Dúas persoas elixidas entre o estudantado.
- f) Unha persoa elixida entre o PAS.

ARTIGO 36 Da convocatoria e resolucións da Comisión Permanente da Facultade de Bioloxía

1. A Comisión Permanente reunirse de forma ordinaria ou extraordinaria cando o considere oportuno o Decano(a) ou se o pide a cuarta parte dos seus membros.
2. Na convocatoria desta Comisión deberán figurar a data, hora e lugar de reunión e os puntos da orde do día, que incluírán, no caso de ser ordinaria, o Informe e aprobación da acta anterior e o apartado de Rogos e preguntas.
3. As resolucións da Comisión Permanente adoptadas por delegación da Xunta de Facultade expresarán esta circunstancia e considéranse ditadas por ela.
4. Na primeira sesión ordinaria da Xunta de Facultade que se celebre con posterioridade á derradeira Comisión Permanente, o Decano ou Decana informará de todas as decisións adoptadas nesta última.

SECCIÓN II COMISIÓN DE VALIDACIÓN E RECOÑECIMENTOS

ARTIGO 37 Das funcións da Comisión de Validación e Recoñecementos da Facultade de Bioloxía

Son funcións da Comisión de Validación e Recoñecementos as que a continuación se indican:

- a) Resolver as solicitudes de admisión aos estudos de grao adscritos á Facultade e proceder á valoración e recoñecemento das materias cursadas noutras titulacións, centros ou universidades, conforme á normativa específica vixente na Universidade de Vigo.
- b) Valorar e aprobar as solicitudes de dedicación a tempo parcial do estudantado.

- c) Validar as prácticas académicas externas (extracurriculares) realizadas polo alumnado.
- d) Asesorar e ofrecer propostas de resolución de asuntos relativos á actividade docente a petición da Xunta de Facultade ou do equipo decanal.

ARTIGO 38 Da composición da Comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade de Bioloxía

A Comisión de Validacións e Recoñecementos estará composta por:

- a) O Decano(a) ou persoa en quen delegue.
- b) Dúas persoas elixidas entre o PDI.
- c) Tres persoas elixidas entre o estudantado.
- d) Unha persoa elixida entre o PAS.

A secretaría da Comisión será desempeñada por un dos seus membros elixido para ese efecto.

SECCIÓN III COMISIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E CULTURAIS

ARTIGO 39 Das funcións da Comisión de Actividades Extraacadémicas e Culturais da Facultade de Bioloxía

Son funcións da Comisión de Actividades Extraacadémicas e Culturais as que a continuación se indican:

- a) Promover actividades de dinamización e difusión da ciencia e a cultura, así como coordinar e xestionar as iniciativas propostas, en convocatoria aberta, polos membros da Facultade.
- b) Xestionar o orzamento asignado pola Xunta de Facultade para o desenvolvemento de todas as actividades impulsadas desde a Comisión.

ARTIGO 40 Da composición da Comisión de Actividades Extraacadémicas e Culturais da Facultade de Bioloxía

A Comisión de Actividades Extraacadémicas e Culturais estará composta por:

- a) O Decano(a) ou persoa en quen delegue.
- b) Dúas persoas elixidas entre o PDI.

- c) Tres persoas elixidas entre o estudiantado.
- d) Unha persoa elixida entre o PAS.

As funcións de secretaría correrán a cargo dun dos membros da Comisión.

SECCIÓN IV COMISIÓN DE TRABALLO FIN DE GRAO

ARTIGO 41 Do obxectivo e funcións da Comisión de Traballo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía

A Comisión de Traballo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía é o órgano delegado da Xunta de Facultade para xestionar os procesos relativos ao Traballo Fin de Grao (TFG) e asegurar o disposto na Normativa para a realización do Traballo de Fin de Grao da Universidade de Vigo¹, así como na Normativa para a realización do Traballo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía (aprobada pola Xunta de Facultade o 22 de xullo de 2021). Son funcións da Comisión de Traballo Fin de Grao as que a continuación se sinalan:

- a) Elaborar ou modificar, a instancia da Xunta de Facultade, o proxecto de regulamento para a realización, defensa e cualificación dos TFG.
- b) Organizar as actividades da materia Traballo Fin de Grao e o calendario correspondente.
- c) Elaborar e aprobar a oferta de traballos xunto cos seus correspondentes titores, e asignalos ao alumnado matriculado, velando para que se adecúen aos obxectivos da materia tal e como se recollen na Memoria Verifica do título e garantindo a equidade na tramitación das solicitudes.
- d) Xestionar o proceso de avaliación dos traballos, nomeando os tribunais e distribuíndo a cada un os TFG para ser avaliados.
- e) Velar pola aplicación da normativa da Facultade de Bioloxía relativa ao TFG e do regulamento xeral establecido para este fin pola Universidade de Vigo.
- f) Calquera outra función relacionada coa xestión dos TFG.

ARTIGO 42 Da composición da Comisión de Traballo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía

A composición da Comisión de Traballo Fin de Grao aterase ao disposto pola Normativa para a realización do Traballo Fin de Grao da Universidade de Vigo e,

¹ Consello de Goberno do 15/06/16, con modificación posterior no Consello de Goberno de 13/11/18 e 31 de outubro de 2022.

especificamente, pola Normativa para a realización do Traballo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía.

TÍTULO IV COMISIONS ACADÉMICAS E MECANISMOS DE COORDINACIÓN DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

CAPÍTULO I SOBRE A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DAS COMISIONS ACADÉMICAS

ARTIGO 43 Do obxectivo e creación das comisións académicas da Facultade de Bioloxía

Nos termos do presente Regulamento, as comisións académicas son comisións de traballo nomeadas pola Xunta de Facultade para xestionar procesos académicos que faciliten o desenvolvemento ordenado da actividade lectiva e o cumprimento dos obxectivos estratéxicos de calidade.

SECCIÓN I COMISIONS ACADÉMICAS DAS TITULACIÓNS

ARTIGO 44 Do obxectivo das comisións académicas das titulacións da Facultade de Bioloxía

As comisións académicas serán nomeadas pola Xunta de Facultade e ocuparanse, entre outras competencias, de garantir a coordinación entre os módulos/materias das titulacións, así como de xestionar os procesos que permitan que a actividade académica transcorra de forma óptima.

- a) No caso do Grao en Bioloxía poderá nomearse unha comisión específica por parte da Xunta de Facultade ou, pola súa condición actual de titulación única de grao no centro, optar por que a xestión ordinaria do título sexa levada a cabo por responsables designados por ela mesma a instancia do equipo decanal.
- b) Por cada mestrado oficial adscrito á Facultade existirá con carácter estable unha comisión académica, coa composición e competencias sobre o título que se determinen de acordo coa normativa da Universidade de Vigo sobre programas oficiais de posgrao e a correspondente memoria Verifica de cada titulación.

ARTIGO 45 Das funcións das comisións académicas das titulacións da Facultade de Bioloxía

Son funcións das comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade de Bioloxía as que a continuación se sinalan:

- a) Elaborar a PDA/POD da titulación no prazo establecido pola Universidade.
- b) Coordinar a organización das actividades académicas (horarios, calendario de exames, guías docentes...) da titulación.
- c) Promover accións de captación de estudantes e aplicar os criterios de admisión á titulación.
- d) No caso das comisións académicas de mestrado, xestionar os procesos relativos aos Traballos Fin de Mestrado e a realización de prácticas externas por parte do estudantado.
- e) Colaborar coa dirección do centro e, en particular, coa persoa responsable de calidade en cada titulación nos procesos que afecten á titulación.
- f) Colaborar no ámbito das súas funcións na acreditación, seguimento e avaliación da titulación, así como na implantación das melloras xurdidas destes procesos.

SECCIÓN II COMISIÓN DE CALIDADE

ARTIGO 46 Do obxectivo e funcións da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía

1. A Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía é o órgano Colexiado de debate e consulta en materia de calidade, de conformidade coas funcións atribuídas aos centros polo artigo 37.n dos Estatutos da Universidade de Vigo. Son funcións principais desta Comisión as que seguen:
 - a) Discutir e propoñer a política e os obxectivos de calidade, así como proceder á súa revisión para actualizalos cando proceda.
 - b) Debater e validar, se procede, o manual e os procedementos de calidade da Facultade.
 - c) Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade na Facultade e das súas titulacións adscritas, así como propoñer as melloras pertinentes.
 - d) Colaborar coa planificación, implantación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade.

- e) Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora encamiñadas a potenciar a calidade da docencia mediante unha colaboración constante cos órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- f) Participar activamente en todos os procesos académicos relativos á oferta formativa da Facultade (verificación e acreditación de novas titulacións, modificación, suspensión ou extinción das existentes) e emitir a súa valoración.
- g) Debater e propoñer a participación da Facultade en plans institucionais, nacionais e internacionais, en materia de calidade.

ARTIGO 47 Da composición da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía

A Comisión de Calidade terá representación dos distintos grupos de interese na actividade da Facultade de Bioloxía. Na súa composición deberá seguirse a política de igualdade da Universidade de Vigo, concretada no artigo 54 dos seus Estatutos, e estará integrada polo menos polos membros que determine a normativa de calidade vixente na Universidade de Vigo. Atendendo a estas consideracións, a composición queda establecida do modo seguinte:

- a) O Decano(a), que a preside.
- b) O coordinador(a) de calidade, que se fará cargo da secretaría da Comisión.
- c) O coordinador(a) de cada unha das titulacións da Facultade (grao e mestrados).
- d) Un coordinador(a) do PAT-ANEAE (Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
- e) Un(unha) representante do PDI.
- f) O enlace de igualdade.
- g) Unha persoa representante das direccións dos departamentos con sede na Facultade.
- h) Unha persoa representante do estudantado de grao.
- i) Unha persoa representante do estudantado de mestrado.
- j) Unha persoa representante da Delegación de Estudiantes da Facultade.
- k) Unha persoa representante do estudantado egresado.
- l) O administrador ou administradora do centro.
- m) Unha persoa representante da sociedade.

Ademais, poderán participar nas reunións da Comisión de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico da Área de Calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento) ou outras persoas, cando o seu asesoramento ou participación se estime oportuno e así se faga constar na convocatoria.

SECCIÓN III COMISIÓN DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN

ARTIGO 48 Do obxectivo e funcións da Comisión de Avaliación por Compensación da Facultade de Bioloxía

A Comisión de Avaliación por Compensación ten encomendada a misión de regular o sistema de avaliación por compensación no Grao en Bioloxía. Ata que sexa aprobado o regulamento de avaliación e cualificación da Universidade de Vigo, a Comisión rexerese polas disposicións do procedemento transitorio para a avaliación por compensación en estudos de Grao (Resolución Reitoral de 9 de febreiro de 2018). Ao amparo do citado procedemento, son funcións da Comisión de Avaliación por Compensación:

- a) Avaliar a traxectoria académica e o labor globais realizados polo estudante ao final dos seus estudos para determinar se acadou coñecementos e competencias suficientes que lle permitan obter a titulación académica á que opta, compensando materias sen superar, conforme á resolución primeira do devandito procedemento.
- b) Aplicar a normativa correspondente á avaliación por compensación que estableza a Universidade de Vigo.

ARTIGO 49 Da composición da Comisión de Avaliación por Compensación de Grao da Facultade de Bioloxía

A Comisión de Avaliación por Compensación para o Grao en Bioloxía será nomeada pola Xunta de Facultade, que a dotará da composición ditada pola disposición quinta do procedemento transitorio ou por calquera outra normativa que no futuro regule ou afecte a este proceso. Seguindo o antedito procedemento, a Comisión de Avaliación por Compensación estará integrada por:

- a) O Decano(a) ou persoa en quen delegue, que presidirá a comisión.
- b) Tres vogais pertencentes ao profesorado da titulación, tendo en conta ás diferentes áreas de coñecemento con docencia na titulación.
- c) Un ou unha vogal representante do estudantado, que deberá ser membro dalgún Consello de Departamento ou da Xunta de Facultade.

Non poderá formar parte da Comisión o profesorado que interveña na avaliación da(s) materia(s) que se solicita compensar. De darse este caso, o profesor(a) con conflito de interese será suplido(a) por outro(a) docente designado(a) polo centro.

CAPÍTULO II SOBRE A ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DOS MECANISMOS DE COORDINACIÓN

ARTIGO 50 Do obxectivo dos mecanismos de coordinación da Facultade de Bioloxía e o nomeamento das persoas responsables

Nos termos do presente Regulamento, os mecanismos de coordinación estarán a cargo de responsables nomeados pola Xunta de Facultade co obxectivo de garantir a proxección externa do centro e a salvaguardia da igualdade e atención á diversidade.

SECCIÓN I COORDINACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

ARTIGO 51 Definición do posto e nomeamento do coordinador ou coordinadora de Prácticas Externas da Facultade de Bioloxía

1. O coordinador(a) de Prácticas Externas da Facultade será o encargado de organizar e coordinar as prácticas das titulacións adscritas ao centro, en particular no Grao en Bioloxía. No caso dos mestrados, as comisións académicas poderán asumir a coordinación destas prácticas ou, se o consideran axeitado, designar unha persoa encargada desa función.
2. Os(as) coordinadores de prácticas serán membros do PDI con dedicación a tempo completo (PDI-A). No caso do Grao en Bioloxía, a persoa coordinadora será proposta polo Decano(a) e ratificada pola Xunta de Facultade, podendo tamén recaer nun vicedecano ou videdecana. O nomeamento será por un período non inferior a un curso académico.

ARTIGO 52 Das funcións do coordinador ou coordinadora de Prácticas Externas da Facultade de Bioloxía

1. Son funcións do coordinador ou coordinadora de Prácticas Externas:
 - a) Impulsar convenios de colaboración de prácticas co sector empresarial, institucional, social e cultural.
 - b) Xestionar en cada curso académico as convocatorias de prácticas, tanto curriculares coma extracurriculares.

- c) Realizar o seguimento das prácticas e informar ao equipo decanal sobre o seu desenvolvemento.
 - d) Coordinar o proceso de avaliación e inscribir nas actas as cualificacións do estudiantado.
 - e) Calquera outra función relacionada coa xestión das Prácticas Externas.
2. Ademais das funcións establecidas neste Regulamento, na coordinación de Prácticas Externas recaerán tamén as establecidas no Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo que esté vixente, así como no correspondente Regulamento de Prácticas Externas da Facultade de Bioloxía.

SECCIÓN II COORDINACIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS E MOBILIDADE

ARTIGO 53 Definición do posto e nomeamento do coordinador ou coordinadora de Relacións Internacionais e Mobilidade da Facultade de Bioloxía

1. A persoa encargada da coordinación de Relacións Internacionais e Mobilidade da Facultade de Bioloxía será a responsable de coñecer e decidir sobre os acordos entre institucións estranxeiras e a Facultade, así como sobre a mobilidade de estudantes nos programas nacionais e internacionais, e tanto na mobilidade entrante como saínte.
2. No caso dos mestrados, as comisións académicas poderán asumir a coordinación da mobilidade ou designar unha persoa encargada desa función na súa titulación.
3. O coordinador(a) de mobilidade será un membro do PDI con dedicación a tempo completo (PDI-A). No caso do Grao en Bioloxía a persoa será proposta polo Decano(a) e ratificada pola Xunta de Facultade, podendo tamén recaer nun vicedecano ou vicedecana. O nomeamento será por un período non inferior a un curso académico.

ARTIGO 54 Funcións do coordinador ou coordinadora de Relacións Internacionais e Mobilidade da Facultade de Bioloxía

1. Son funcións da persoa coordinadora de mobilidade:
 - a) Promover a difusión dos programas de mobilidade no centro e, en particular, entre o estudiantado.

- b) Avaliar e informar dos acordos entre institucións estranxeiras e a Facultade de Bioloxía no marco dos programas de mobilidade de estudantes.
 - c) Establecer os criterios de validación das materias realizadas polo estudiantado ao abeiro dos acordos de mobilidade.
 - d) Establecer os requisitos de aceptación de estudantes nacionais e internacionais nas titulacións da Facultade.
 - e) Velar pola aplicación das normativas relativas á mobilidade.
 - f) Calquera outra función relacionada coa xestión da mobilidade.
2. Ademais das funcións establecidas neste Regulamento, a coordinación de Relacións Internacionais e Mobilidade terá tamén as establecidas nas normativas da Universidade de Vigo relativas á mobilidade de estudantes².

SECCIÓN III COORDINACIÓN DE IGUALDADE E DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ARTIGO 55 Definición e nomeamento dos postos de coordinación de igualdade e de atención á diversidade da Facultade de Bioloxía

As persoas designadas responsables de igualdade e de atención á diversidade serán a referencia na Facultade de Bioloxía para difundir a cultura e coordinar as accións de igualdade e diversidade, e contribuír á aplicación e seguimento das políticas propostas pola institución nestas materias. En concreto:

1. A persoa responsable de igualdade será tamén o enlace institucional de igualdade da Facultade de Bioloxía.
2. A persoa responsable da atención á diversidade será a encargada de coordinar o Programa de Integración de Universitarios(as) con Necesidades Específicas de apoio educativo (PIUNE) ou calquera outro programa que a Universidade de Vigo estableza para facilitar os servizos e recursos a estudantes con necesidades específicas de apoio educativo.
3. As persoas responsables de igualdade e de atención á diversidade elixíranse entre o PDI con dedicación a tempo completo (PDI-A). A súa designación será proposta

² Consello de Goberno do 15/06/16, con modificación posterior no Consello de Goberno de 13/11/18. da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro Universitario o 13 de abril de 2021 e modificado posteriormente na sesión do 28 de xuño de 2021.

polo Decano(a) e ratificada pola Xunta de Facultade. O nomeamento será por un período de tempo non inferior a un curso académico.

4. No referente á atención á diversidade, no caso de que non se designe unha persoa responsable, asumirá ditas funcións quen se faga cargo do PAT-ANEAE.

ARTIGO 56. Funcións da coordinación de igualdade e de atención á diversidade da Facultade de Bioloxía

1. As funcións do responsable de igualdade corresponderanse coas establecidas nos plans de igualdade da Universidade de Vigo ou calquera outra normativa que se elabore ao respecto, ademais das recollidas neste Regulamento e que se corresponden con:
 - a) Representar á Facultade de Bioloxía nos asuntos relativos á igualdade.
 - b) Contribuír á igualdade de trato e de oportunidades na Facultade de Bioloxía en todos os ámbitos.
 - c) Velar polo emprego da linguaxe inclusiva e de imaxes non estereotipadas no seo do centro.
 - d) Servir de enlace e colaborar coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.
 - e) Calquera outra función relativa á xestión da igualdade.
2. As funcións do responsable de atención á diversidade corresponderanse coas establecidas no Regulamento de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo da Universidade de Vigo³, ou calquera outra normativa que se elabore ao respecto. De maneira xeral, estas funcións serán as seguintes:
 - a) Orientar sobre titulacións, itinerarios, materias e profesorado, entre outros aspectos da actividade académica.
 - b) Axudar na comunicación entre o estudante e o profesorado para que poida acceder á información académica específica que precise.
 - c) Coordinar a implantación dos programas de atención personalizada.
 - d) Monitorizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos estudantes adscritos ao programa, incluíndo as titorías personalizadas.

³ Regulamento de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo da Universidade de Vigo, aprobado no Concello de Goberno do 24/07/2013 e modificado na sesión do mesmo órgano de 13/11/2018.

- e) Realizar informes sobre posibles incidencias ou actuacións pro-inclusión da diversidade que poidan desenvolverse ao longo do curso académico e dar traslado dos mesmos á dirección do centro e á unidade da Universidade de Vigo responsable nesta materia.
- f) Calquera outra función relativa á xestión da atención á diversidade.

TÍTULO V REPRESENTACIÓN ESTUDIANTIL DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

ARTIGO 57 Da constitución e funcións da Delegación de Estudiantes da Facultade de Bioloxía

1. De acordo co artigo 70.1 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a Delegación de Estudiantes da Facultade de Bioloxía está integrada polos representantes do alumnado nos órganos colexiados.
2. A Facultade dotará dun orzamento anual á citada Delegación de Estudiantes e facilitaralle os medios ao seu alcance para que poida levar a cabo as súas funcións.
3. Son funcións da Delegación de Estudiantes, a tenor do disposto no artigo 70.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo:
 - a) Exercer funcións de representación e de mediación perante as autoridades académicas e os órganos de goberno para establecer canles de diálogo e de información que faciliten a actividade académica e a vida universitaria nas instalacións do centro.
 - b) Informar ao estudantado de todas as cuestións que considere oportunas e recoller as súas opinións. De forma excepcional e se fose necesario, poderá realizarse esta función en horario lectivo previo acordo co Decano(a).
 - c) Elixir aos(ás) representantes ante calquera autoridade, institución ou organización, nos casos para os que non exista un regulamento específico.
 - d) Xestionar os recursos que a Facultade de Bioloxía poña á súa disposición.
 - e) Promover e coordinar actividades de extensión universitaria e de sensibilización en materia de xénero, de acordo coa dirección do centro.
 - f) Outros fins e funcións recollidos no ordenamento xurídico vixente.

TÍTULO VI REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

ARTIGO 58 Da reforma do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Bioloxía

A iniciativa para a reforma do presente Regulamento deberá ser proposta polo Decano(a) ou por un mínimo do 25 % dos membros da Xunta de Facultade. Deberá conter o texto articulado que se propoña introducir e a motivación en que se fundamente.

ARTIGO 59 Da aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Bioloxía

1. A proposta de reforma será sometida a unha votación na Xunta de Facultade, que decidirá por maioría absoluta se a debe tomar en consideración.
2. Se a proposta é tomada en consideración, abrirase un prazo de quince días hábiles para a presentación de emendas, que serán discutidas e votadas na seguinte reunión da Xunta de Facultade, realizándose ao final do proceso unha votación conxunta da proposta definitiva, que requirirá para ser aprobada a maioría absoluta.
3. Se a proposta é rexeitada, non poderá volver a presentarse no prazo dun ano.

O novo Regulamento entrará en vigor o día da súa publicación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.